

LIÑA DE FINANCIAMENTO BANCA-CDTI

A.-REQUISITOS

A.1.-BENEFICIARIOS: Sociedades mercantís ou Cooperativas.

A.2.-ACTUACIÓNS: Proxectos que impliquen unha inversión nos seguintes supostos:

A.2.1.-INCORPORACIÓN E ADAPTACIÓN DE TECNOLOXÍAS EMERXENTES, ADAPTACIÓN E MELLORA DE TECNOLOXÍAS A NOVOS MERCADOS: Deseño industrial e enxeñería do produto e proceso para a mellora tecnolóxica dos mesmos. Serán proxectos que impliquen unha modernización para a empresa e un salto tecnolóxico no sector no que se move.

A.2.2.-APLICACIÓN DUN MÉTODO DE PRODUCCIÓN OU SUBMINISTRO NOVO OU MELLORADO. Non se consideran:

- os cambios ou melloras de importancia menor
- o aumento das capacidades de produción ou servizo mediante a introdución de sistemas de fabricación ou loxística similares os empregados,
- o abandono dun proceso
- a mera substitución ou ampliación de capital
- os cambios derivados de variacións do prezo dos factores,
- a personalización (customisation),
- os cambios periódicos de carácter estacional ou outros e
- o comercio de produtos novos ou significativamente mellorados

A.3.-CUSTES FINANCIABLES: inversións en **activos fixos** non correntes

A.3.1.-LÍMITES:

- Terreos e construcións, non poderá exceder do 30% do proxecto de inversión.
- Inversións intanxibles, non poderá exceder do 50% do total do proxecto de inversión, salvo os proxectos TIC.
- A data das inversións financiáveis non deberán ser anteriores a 6 meses a contar dende a sinatura da operación coa Entidade Financeira.

A.3.2.-NON SERÁN FINANCIABLES:

- As contidas nun proxecto de inversión xa finalizado
- Terreos e construcións que non teñan relación con actividades de innovación.
- Ampliación da capacidade produtiva sen diferenzas tecnolóxicas relevantes.
- Inversión en equipos que non forman parte do proxecto de innovación tecnolóxica.
- O Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

A.4.-CUANTÍA : Máximo por beneficiario: **1.5000.000€/ano** sendo o mínimo para cada operación de **200.000€**.

B.-CONDICIONS

B.1.- MODALIDADE: Préstamo ou leasing ata un 75% da inversión.

B.2.-TIPO DE XURO: Máximo será Euribor-1 en termos TAE con liquidación mensual, trimestral ou semestral e revisable anualmente.

B.3.- PRAZOS: A escoller:

- 5 anos sen carencia
- 7 anos sen carencia ou
- 7 anos con 2 anos de carencia.

B.4.-OUTROS: Axuda sometida ao réxime de mínimos